



ELECCIÓN XUIZ DE PAZ SUBSTITUTO DE ARANGA.-

De conformidade co oficio cursado pola Sala de goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo o establecido no artigo 99 e seguintes da Lei Orgánica 6/1985 de 1 de xullo do Poder Xudicial, iníciase expediente para a elección do Xuíz de Paz substituto de Aranga.

Corresponde ao pleno municipal a elección da persoa para ser nomeada Xuiz de Paz substituto deste concello, entre aqueles aspirantes que reúnan os seguintes requisitos:

- Ser español.
- Maior de dezaioito anos
- Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade previstas na lei 6/1985 do Poder Xudicial : os impedidos física ou psiquicamente para a función xudicial, os condenados por delito doloso mentras no obteñan a rehabilitación; os procesados ou inculcados por delito doloso en tanto no sexan absolutos ou se dite auto de sobreseimento, e os que non estén no pleno exercicio dos seus dereitos civís.
- Non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade previstas na lei orgánica do poder xudicial.

Os aspirantes poderán presentar as súas instancias dirixidas a acaldía, no prazo de quince días hábiles, que se contarán dende o día seguinte ao da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia, no Rexistro Xeral municipal, no Rexistro telemático (sede electrónica) ou de calquera dos xeitos que determina o artigo 16.4 da lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas. A instancia acompañarase da seguinte documentación:

- Copia do DNI
- Certificación de antecedentes penais expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes e a declaración complementaria de non estar inculcado/a procesado/a á que se refire o artigo 2.1 da Lei 68/1980 do 1 de decembre sobre expedición de certificacións e informes sobre conducta cidadá.
- Declaración xurada de reunir os requisitos legais para acceder ao nomeamento e de non estar incurso en causas de incapacidade ou incompatibilidade ou , no seu caso, compromiso de cesar no exercicio da actividade da que se derive a incompatibilidade.
- Declaración xurada de non estar impedido física ou psiquicamente para a función xudicial.
- Xustificación de méritos que se aleguen.
- Indicación de profesión actual.

Aranga, 28 de marzo de 2023
O ALCALDE

Asdo./ Alberto Platas Álvarez